

**INFORME DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS
EXTERNAS EXTRACURRICULARES POR SECTORES
EMPRESARIAIS E TITULACIÓNS**

Curso académico 2021/2022 e histórico de datos



Consello Social
Universidade de Vigo

ÍNDICE

PRESENTACIÓN E OBXECTIVOS	3
PARTE 1. INFORME DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES POR SECTORES EMPRESARIAIS E TITULACIÓN CURSO ACADÉMICO 2021/2022	
1. DATOS XERAIS DE ALUMNADO E SECTORES DE ACTIVIDADE	6
2. ESTUDANTES EN PRÁCTICAS CLASIFICADOS POR TAMAÑO/TIPO DE EMPRESA	15
PARTE 2. HISTÓRICO DE DATOS DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES	
3. HISTÓRICO. ÚLTIMOS 10 CURSOS ACADÉMICOS.....	17
4. OUTRAS VARIABLES ANALIZADAS.....	25
PRINCIPALES CONCLUSIONES.....	28
ANEXO I. CLASIFICACIÓN CNAE.....	30

PRESENTACIÓN E OBXECTIVOS

O Consello Social e a Fundación Universidade de Vigo veñen colaborando nos últimos dez anos na elaboración de estudos e informes de interese para a comunidade universitaria. Ambas entidades comparten o obxectivo de achegar a Universidade de Vigo á súa contorna social e económica e, entre outros, teñen como fins específicos: a realización de actuacións que favorezan a empregabilidade do alumnado, impulsar vía de colaboración con entidades e empresas, e a análise de distintos aspectos que podan apoiar a formación universitaria e o desenvolvemento local.

Entre os traballos realizados no marco desta colaboración destaca o estudo e análise das prácticas académicas externas da Universidade de Vigo. As prácticas externas son unha ferramenta decisiva na formación integral do alumnado, permiten que se acheguen á realidade profesional e facilitan a súa relación cos distintos sectores socio-económicos aumentando a súa empregabilidade.

Por outra banda, as relacións con empresas e institucións que se establecen a través das prácticas externas é un instrumento valioso para testar a formación que está a recibir o alumnado universitario e establecer accións de mellora, ademais de permitir identificar aqueles sectores económicos que presentan maior crecemento e dinamismo.

Desde o curso académico 2011/2012 elabórase un informe de prácticas académicas extracurriculares por sectores de actividade. Estes informes tratan e sistematizan a información dispoñible na Fundación Universidade de Vigo como entidade xestora das prácticas académicas extracurriculares.

O informe organízase en dúas partes:

Parte 1. informe de prácticas académicas externas extracurriculares por sectores empresariais e titulacións curso académico 2021/2022.

Parte 2. histórico de datos de prácticas académicas externas extracurriculares.

<p>OBXECTIVOS DO INFORME</p>	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Identificar os ámbitos de formación que acadan un maior nivel de prácticas, así como aqueles menos representados. ✓ Identificar os sectores económicos e sociais máis dinámicos, así como aqueles menos representados. ✓ Dispoñer de datos comparativos desde unha perspectiva temporal que permitan analizar tendencias e detectar posibles necesidades ✓ Apoiar posibles actuacións que favorezan a empregabilidade dos titulados universitarios. ✓ Poñer en valor a labor que desempeñan as entidades colaboradoras. ✓ Apoiar o valor estratéxico da UVigo como motor de desenvolvemento social e económico.
<p>PRINCIPAIS INDICADORES</p>	<p style="text-align: center;">CURSO ACADÉMICO 2021/2022</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Nº de prácticas extracurriculares realizadas. ✓ Número de empresas/entidades colaboradoras. ✓ Ratio: nº estudantes / empresa ✓ Nº de prácticas realizadas por ámbito de estudo e sexo do alumnado. ✓ Relación entre a matrícula e as prácticas por ámbito de estudos e sexo. ✓ Prácticas por sector de actividade (CNAE). ✓ Prácticas por ámbito de estudos e sector de actividade. ✓ Prácticas por sectores e sexo ✓ Prácticas por tipo e tamaño de empresas/entidades. <p style="text-align: center;">HISTÓRICO DE DATOS (2012-2022)</p> <p>Evolución dos seguintes indicadores:</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Nº de prácticas e empresas/entidades por curso académico. ✓ Empresas por sector de actividade ✓ Ratio de prácticas por ámbito en empresas. ✓ Prácticas por ámbito de estudo. ✓ Prácticas clasificadas por sexo e ámbito. ✓ Prácticas por tamaño da empresa. ✓ Prácticas por sexo e CNAE <p>Outras variables analizadas:</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Prácticas por titulacións evolución desde o ano 2012 ✓ Valoracións das prácticas por parte das empresas e dos estudantes 2018-outubro 2022.

**PARTE 1. INFORME DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS
EXTRACURRICULARES POR SECTORES EMPRESARIAIS E
TITULACIONES**


CURSO ACADÉMICO 2021/2022

1. DATOS XERAIS DE PRÁCTICAS E SECTORES DE ACTIVIDADE

1.1. NÚMERO DE PRÁCTICAS E EMPRESAS

Durante o curso académico 2021/2022 realizáronse 833 prácticas académicas externas extracurriculares, nun total de 500 empresas e entidades, o que supón unha ratio de 1,66 prácticas por empresa.

Curso 2021-2022	
Nº Prácticas académicas externas(extracurriculares)	833
Nº Empresas	500



RATIO PRÁCTICAS/EMPRESA: 1,66


NOTA: os datos recollidos neste informe fan referencia ao nº de prácticas externas extracurriculares realizadas polo alumnado da Universidade de Vigo. O nº de prácticas realizadas non coincide co nº de estudantes que as realizan posto que un ESTUDANTE pode realizar máis dunha práctica.

1.2. NÚMERO DE PRÁCTICAS POR ÁMBITO DE ESTUDIO E SEXO

Clasifícanse os estudantes en 5 ámbitos de estudos: *Xurídico-Social*; *Tecnolóxico*; *Ciencias Experimentais*; *Ciencias da Saúde*; e *Arte e Humanidades*.

Durante o curso académico 2021/2022, as prácticas académicas externas distribúense por ámbito de estudos do seguinte xeito:

2021-2022					
Ámbito de estudos	Nº prácticas totais	Homes	Mulleres	% HOMES	% MULLERES
Xurídico -Social	317	121	196	38,17%	61,83%
Tecnolóxico	332	229	103	68,98%	31,02%
Ciencias experimentais	104	28	76	26,92%	73,08%
Arte e Humanidades	38	13	25	34,21%	65,79%
Ciencias da Saúde	42	15	27	35,71%	64,29%
Total	833	406	427	48,74%	51,26%



Obsérvase que os ámbitos con maior número de prácticas son o *Tecnolóxico* e o *Xurídico-Social*.

Por sexo, no seu conxunto o nº de prácticas realizadas por mulleres e homes é practicamente equilibrado; se ben por ámbitos a diferenza é moi relevante, sendo a porcentaxe de mulleres maior en todos os ámbitos agás no *Tecnolóxico*.

RELACIÓN ENTRE A MATRÍCULA E O NÚMERO DE PRÁCTICAS POR ÁMBITO DE ESTUDOS E SEXO

No curso académico 2021/2022 as porcentaxes de prácticas e de estudantes matriculados/as por ámbito e sexo é a seguinte:

Ámbito de estudos	2021-2022			
	% HOMES EN PRÁCTICAS	% HOMES MATRICULADOS	% MULLERES EN PRÁCTICAS	% MULLERES MATRICULADAS
Xurídico -Social	38,17%	39,41%	61,83%	60,59%
Tecnolóxico	68,98%	75,70%	31,02%	24,30%
Ciencias experimentais	26,92%	44,28%	73,08%	55,72%
Arte e Humanidades	34,21%	28,96%	65,79%	71,04%
Ciencias da Saúde	35,71%	22,72%	64,29%	77,28%

Derivado do cadro anterior obsérvase o seguinte:

- A porcentaxe de mulleres matriculadas é superior en todos os ámbitos, agás no ámbito *Tecnolóxico*. A diferenza entre as porcentaxes é moi relevante en todos os ámbitos, sendo especialmente alta nos ámbitos *Tecnolóxico*, *Ciencias da Saúde* e *Arte e Humanidades*.
- Respecto á correlación entre a porcentaxe de prácticas por sexo en relación á porcentaxe de matrícula: nos ámbitos *Tecnolóxico* e de *Ciencias Experimentais* é maior o peso das mulleres en prácticas que o que correspondería pola porcentaxe de matrícula que representan; no ámbito xurídico-social garda correlación.

Nota: Non se fai referencia aos ámbitos de Arte e Humanidades e Ciencias da Saúde polo baixo número de prácticas extracurriculares realizadas que fan que non sexa concluínte.

1.3. NÚMERO DE EMPRESAS POR SECTOR DE ACTIVIDADE

As prácticas realizáronse no curso académico 2021/2022 en 500 empresas, que se clasifican por sector de actividade e de acordo co seu CNAE do seguinte xeito:

CNAE	Prácticas	%	Empresas	%
Actividades administrativas e servizos auxiliares	32	3,84%	23	4,60%
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	23	2,76%	12	2,40%
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	1	0,12%	1	0,20%
Actividades financeiras e de seguros	26	3,12%	15	3,00%
Actividades profesionais, científicas e técnicas	253	30,37%	146	29,20%
Actividades inmobiliarias	2	0,24%	2	0,40%
Actividades sanitarias e de servizos sociais	37	4,44%	26	5,20%
Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	50	6,00%	23	4,60%
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	12	1,44%	11	2,20%
Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor e motocicletas	37	4,44%	31	6,20%
Construción	20	2,40%	18	3,60%
Educación	26	3,12%	10	2,00%
Hostalaría	9	1,08%	8	1,60%
Industria manufactureira	131	15,73%	69	13,80%
Industrias extractivas	2	0,24%	2	0,40%
Información e comunicacións	95	11,40%	56	11,20%
Outros servizos	55	6,60%	28	5,60%
Fornezo de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	3	0,36%	3	0,60%
Fornezo de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	6	0,72%	3	0,60%
Transporte e almacenamento	13	1,56%	13	2,60%
TOTAL	833	100,00%	500	100,00%

O 54,20% das prácticas extracurriculares realízanse en empresas que pertencen a 3 sectores de actividade: *Actividades profesionais, científicas e técnicas, Industria manufactureira e Información e comunicacións*.

O sector con maior porcentaxe é o de *Actividades profesionais, científicas e técnicas*, que abarca unha ampla variedade de actividades empresariais recollidas no apartado do CNAE, entre outros: actividades xurídicas e de contabilidade, actividades de consultaría de xestión empresarial, relacións públicas, publicidade e comunicación, servizos técnicos de arquitectura ou enxeñaría, ensaios e análises clínicos, investigación e desenvolvemento, tradución e interpretación e actividades veterinarias.

O sector de *Industria manufactureira* inclúe diversas actividades de fabricación coma alimentación, téxtil, mobles, vehículos, equipos informáticos e metalurxia, entre outras.

O sector de *Información e comunicacións* abarca actividades de edición; actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical; actividades de programación e emisión de radio e televisión; telecomunicacións; programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática e servizos de información.

1.4. NÚMERO DE PRÁCTICAS POR ÁMBITO DE ESTUDIO E POR SECTOR DE ACTIVIDADE

Clasifícanse os estudantes en 5 ámbitos de estudos: Xurídico-Social, Tecnolóxico, Científico, Ciencias da saúde e Arte e Humanidades.

ÁMBITO DE ESTUDOS XURÍDICO-SOCIAL:

Ámbito de coñecemento que ocupa o segundo posto en canto a estudantes en prácticas durante o curso 2021/2022, realizándose prácticas en 4 sectores principalmente: *Actividades profesionais, científicas e técnicas* seguido polo sector de *Actividades administrativas e servizos auxiliares; Información e comunicacións e Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor e motocicletas*.

XURÍDICO-SOCIAL	EMPRESAS	PRÁCTICAS
Actividades administrativas e servizos auxiliares	20	29
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	7	8
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	1	1
Actividades financeiras e de seguros	15	23
Actividades inmobiliarias	2	2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	88	115
Actividades sanitarias e de servizos sociais	3	6
Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	11	12
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	2	2
Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor e motocicletas	20	21
Construción	7	7
Educación	6	9
Hostalaría	7	8
Industria manufactureira	19	20
Industrias extractivas	2	2
Información e comunicacións	20	23
Outros servizos	15	19
Fornezo de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	1	1
Transporte e almacenamento	9	9
Total	255	317

ÁMBITO DE ESTUDOS TECNOLÓXICO:

O ámbito tecnolóxico é o que tivo máis estudantes en prácticas durante o curso 2021-2022. Distribuíndose en tres sectores de actividade principalmente: *Actividades profesionais, científicas e técnicas; Industria manufactureira e Información e comunicacións.*

TECNOLÓXICO	EMPRESAS	PRÁCTICAS
Actividades administrativas e servizos auxiliares	3	3
Actividades financeiras e de seguros	2	3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	48	106
Actividades inmobiliarias	4	9
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	1	1
Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor e motocicletas	8	9
Construción	12	13
Educación	3	14
Industria manufactureira	38	86
Información e comunicacións	36	70
Outros servizos	4	8
Fornezo de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	1	1
Fornezo de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	2	5
Transporte e almacenamento	4	4
Total	166	332

ÁMBITO DE ESTUDOS CIENCIAS EXPERIMENTAIS:

As prácticas realízanse principalmente nos sectores de *Actividades profesionais, científicas e técnicas*, seguido da *Industria manufactureira, Outros Servizos e Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria.*

CIENCIAS EXPERIMENTAIS	EMPRESAS	PRÁCTICAS
Actividades profesionais, científicas e técnicas	12	27
Actividades sanitarias e de servizos sociais	4	4
Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	9	16
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	8	9
Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor e motocicletas	2	3
Educación	2	3
Hostalaría	1	1
Industria manufactureira	15	21
Outros servizos	6	18
Fornezo de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	1	1
Fornezo de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	1	1
Total	61	104

ÁMBITO DE ESTUDOS CIENCIAS DA SAÚDE:

Neste ámbito, o alumnado realiza prácticas curriculares e incluídas no seu plan de estudos, polo que o número de prácticas extracurriculares realizadas é moito menor en relación aos outros ámbitos.

Os sectores de actividades que ofrecen un maior número de prácticas extracurriculares son *Actividades sanitarias e de servizos sociais*, seguido da *Administración pública e defensa*, e *Seguridade Social obrigatoria*.

CIENCIAS DA SAÚDE	EMPRESAS	PRÁCTICAS
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	2	2
Actividades sanitarias e de servizos sociais	20	27
Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	1	11
Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor e motocicletas	1	1
Outros servizos	1	1
Total	25	42

ÁMBITO DE ESTUDOS ARTE E HUMANIDADES:

O sector de *Actividades artísticas, recreativas e de entretemento* e *Outros Servizos* recollen o maior número de estudantes en prácticas neste ámbito.

ARTE E HUMANIDADES	EMPRESAS	PRÁCTICAS
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	4	13
Actividades profesionais, científicas e técnicas	2	5
Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	1	2
Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor e motocicletas	2	3
Industria manufactureira	3	4
Información e comunicacións	2	2
Outros servizos	4	9
Total	18	38

CADRO RESUMO DE EMPRESAS CON ALUMNADO EN PRÁCTICAS, POR ÁMBITOS E CNAE


2021-2022	Nº EMPRESAS POR CNAE E ÁMBITO DE ESTUDOS				
	ARTE E HUMANIDADES	CIENCIAS DA SAÚDE	CIENCIAS EXPERIMENTAIS	TECNOLÓXICO	XURÍDICO-SOCIAL
Actividades administrativas e servizos auxiliares	0	0	0	3	20
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	4	2	0	0	7
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	0	0	0	0	1
Actividades financeiras e de seguros	0	0	0	2	15
Actividades inmobiliarias	0	0	0	4	2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	2	0	12	48	88
Actividades sanitarias e de servizos sociais	0	20	4	0	3
Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	1	1	9	0	11
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	0	0	8	1	2
Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor e motocicletas	2	1	2	8	20
Construción	0	0	0	12	7
Educación	0	0	2	3	6
Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	0	0	1	1	1
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	0	0	1	2	0
Hostalería	0	0	1	0	7
Industria manufactureira	3	0	15	38	19
Industrias extractivas	0	0	0	0	2
Información e comunicacións	2	0	0	36	20
Outros servizos	4	1	6	4	15
Transporte e almacenamento	0	0	0	4	1
TOTAL	18	25	61	166	255

* Hai empresas que acollen estudantes en prácticas de distintos ámbitos, de aí que o total de empresas deste cadro sexa maior que o número de empresas totais diferentes.

Tendo en conta o CNAE das empresas clasificadas polo ámbito de estudos podemos observar que os estudos máis demandados son en primeiro lugar os do ámbito *Xurídico-Social*, como son o Grao en Administración e Dirección de Empresas e PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito; este tipo de estudos son máis demandados en departamentos administrativos de empresas cuxo CNAE é *Actividades profesionais, científicas e técnicas*. E en segundo lugar o ámbito *Tecnolóxico*, como son o Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación, o Mestrado de Enxeñaría en Organización Industrial, e Enxeñaría Informática; os sectores que máis demandan estes estudos son o de *Actividades profesionais, científicas e técnicas, a Industria manufactureira e Información e comunicacións*.

1.5. ESTUDANTES EN PRÁCTICAS POR SEXO E CNAE DAS EMPRESAS

A seguinte gráfica amosa o número de estudantes por sexo en función do CNAE das empresas/entidades nas que realizaron prácticas:




Sinalar que:

- Nos dous sectores que acollen maior nº de prácticas *Actividades profesionais, científicas e técnicas* e *Industria manufacturera* a distribución de homes e mulleres é practicamente equilibrada.
- As prácticas realizadas por homes teñen maior peso no sector de *Información e comunicacións*.
- O nº de prácticas realizadas por mulleres teñen maior peso nos sectores de *Administración pública e defensa; Seguridade social obrigatoria, Actividades administrativas e servizos auxiliares, Outros servizos e Actividades sanitarias e de servizo sociais*.

2. ESTUDANTES EN PRÁCTICAS CLASIFICADOS POR TAMAÑO/TIPO DE EMPRESA

CURSO 2021-2022		
Tipo de empresa	Nº Estudiantes	%
Autónomo	65	8%
Pequena (menos de 50 traballadores)	303	36%
Mediana (entre 50 e 500 traballadores)	148	18%
Grande (máis de 500 traballadores)	65	8%
Multinacional	70	8%
Administración Pública	94	11%
Fundación/Entidade sen ánimo de lucro	88	11%
Total	833	100%



Observase no gráfico que as empresas que máis demandan estudantes en prácticas son as *Pequenas empresas* seguido das *Medianas empresas*, representando entre ambas o 54% do total.

PARTE 2. INFORME DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES POR SECTORES EMPRESARIAIS E TITULACIONES

HISTÓRICO DE DATOS 2012-2022


3. HISTÓRICO DOS ÚLTIMOS 10 CURSOS ACADÉMICOS

3.1. NÚMERO TOTAL EMPRESAS E ESTUDANTES EN PRÁCTICAS POR CURSO ACADÉMICO

Nos datos detallados a continuación obsérvase un crecimiento continuado das prácticas ata o curso 2015/2016, a partir do cal se produce un descenso moderado ata o ano 2020, no que por mor da pandemia derivada da Covid-19 foron suspendidas gran parte das prácticas extracurriculares.

A partir do curso 2020/2021, e a medida que a pandemia foi remitindo, comézase a recuperar a demanda de prácticas tanto por parte dos estudantes como por parte das empresas.

Curso académico	2012-2013	2013-2014	2014-2015	2015-2016	2016-2017	2017-2018	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022
Total estudantes	1066	1145	1123	1269	1190	1119	946	544	824	833
Total empresas	657	669	708	703	681	643	564	342	541	500




3.2. EVOLUCIÓN DE EMPRESAS POR SECTOR DE ACTIVIDADE POR CURSO ACADÉMICO


Na seguinte táboa apreciamos a evolución do número de empresas por sector de actividade ao longo de 10 cursos académicos, destacando os tres principais sectores que demandan e acollen mais alumnado en prácticas que son empresas pertencentes aos sectores de *Actividades profesionais , científicas e técnicas; Industria manufacturera; Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor e motocicletas.*

	2012/13	2013/14	2014/15	2015/16	2016/17	2017/18	2018/19	2019/20	2020/21	2021/22
Actividades profesionais, científicas e técnicas	158	207	224	203	202	169	148	100	155	146
Industria manufacturera	99	100	116	115	108	106	83	50	78	69
Información e comunicacións	44	40	48	62	58	57	47	29	56	56
Actividades sanitarias e de servizos sociais	14	42	31	31	25	42	33	7	36	26
Outros servizos	31	21	21	13	23	27	28	25	28	28
Comercio por maior e por menor, reparación vehículos motor	82	82	76	77	78	60	50	24	27	31
Actividades administrativas e servizos auxiliares	22	31	35	35	39	33	32	17	27	23
Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	31	33	29	28	46	33	34	19	27	23
Construción	49	47	45	38	36	24	22	12	23	18
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	19	16	20	15	16	20	15	4	15	12
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	2	6	3	7	4	9	6	7	15	11
Educación	32	16	37	45	23	30	23	13	13	10
Transporte e almacenamento	16	9	15	12	13	11	17	14	12	13
Actividades financeiras e de seguros	23	20	28	35	25	30	22	10	9	15
Hostalaría	12	22	26	24	21	15	14	4	8	8
Actividades inmobiliarias	4	5	5	5	5	3	6	1	3	2
Fornezo de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	5	1	4	2	5	4	3	3	3	3
Industrias extractivas	4	4	7	6	7	0	4	1	2	2
Fornezo de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos	4	1	1	3	4	5	5	2	2	3
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	0	0	0	0	0	0	0	0	2	1
Outros CNAE	6	0	0	1	0	0	0	0	0	0
TOTAL	657	703	771	757	738	678	592	342	541	500

Evolución dos sectores con mais demanda



Porcentaxe media da participación dos distintos sectores ao longo dos 10 cursos académicos:



A gráfica anterior reflexa o peso dos distintos sectores na realización de prácticas, tendo un peso moi relevante catro sectores: *Actividades profesionais , científicas e técnicas; Industria manufacturera; Comercio ao por maior e ao por menor, reparación de vehículos de motor e motocicletas;* Información e comunicacións.

3.3. RATIO PRÁCTICAS POR ÁMBITO EN EMPRESAS

Con respecto á ratio de prácticas observamos que segue unha mesma tendencia nos últimos cursos académicos. No curso 2021/2022 pódese observar como aumentou en xeral en tódolos ámbitos aínda que diminuíu a ratio no ámbito Xurídico–social.

Ámbito	Prácticas	2012/2013		2013/2014			2014/2015		
		Empresas	Ratio	Prácticas	Empresas	Ratio	Prácticas	Empresas	Ratio
Xurídico-social	480	301	1,59	545	359	1,52	547	407	1,34
Tecnolóxico	348	238	1,46	396	230	1,72	364	244	1,49
Científico	144	75	1,92	116	55	2,11	124	60	2,06
Arte e humanidades	80	37	2,16	40	35	1,14	50	37	1,35
Ciencias da saúde	14	6	2,33	48	24	2	38	23	1,65

Ámbito	2015/2016			2016/2017			2017/2018		
	Prácticas	Empresas	Ratio	Prácticas	Empresas	Ratio	Prácticas	Empresas	Ratio
Xurídico-social	617	400	1,54	551	389	1,42	536	375	1,43
Tecnolóxico	399	229	1,74	367	211	1,74	345	180	1,92
Científico	145	71	2,04	177	82	2,16	153	68	2,25
Arte e humanidades	55	27	2,03	59	36	1,64	32	28	1,14
Ciencias da saúde	53	30	1,76	36	20	1,8	53	27	1,96

2018/2019			2019/2020			2020/2021			2021/2022		
Prácticas	Empresas	Ratio	Prácticas	Empresas	Ratio	Prácticas	Empresas	Ratio	Prácticas	Empresas	Ratio
433	322	1,34	246	186	1,32	354	279	1,27	317	255	1,24
264	144	1,83	216	111	1,94	280	159	1,76	332	166	2,00
158	75	2,11	46	33	1,39	116	72	1,61	104	61	1,70
51	27	1,89	29	19	1,53	29	24	1,21	38	18	2,11
40	24	1,67	8	6	1,33	45	31	1,45	42	25	1,68


**Nota: O total de empresas por ámbito non coincide co total de empresas dado que un nº importante de empresas acolleron máis de un estudante.*

3.4. ESTUDANTES POR ÁMBITO

Nas táboas seguintes detállase a evolución de estudantes en prácticas por ámbito de estudos, onde se observa que a meirande parte das prácticas son realizadas por estudantes dos ámbitos Xurídico- Social e Tecnolóxico seguido do ámbito Científico.

Sinalar que as titulacións do ámbito de Ciencias da Saúde teñen unha alta carga de prácticas curriculares polo que o número de prácticas extracurriculares realizadas é moi reducido.

Ámbito	2012-2013	2013-2014	2014-2015	2015-2016	2016-2017	2017-2018	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022
Xurídico-social	45,0%	47,6%	48,7%	48,6%	46,2%	47,9%	45,8%	45,2%	43,0%	38,1%
Tecnolóxico	32,6%	34,6%	32,4%	31,4%	30,8%	30,8%	27,9%	39,5%	34,0%	39,9%
Científico	13,5%	10,1%	11,0%	11,4%	14,9%	13,7%	16,7%	8,5%	14,1%	12,5%
Arte e humanidades	7,5%	3,5%	4,5%	4,2%	5,0%	2,9%	5,4%	5,3%	3,5%	4,6%
Ciencias da saúde	1,3%	4,2%	3,4%	4,3%	3,1%	4,7%	4,2%	1,5%	5,5%	5,0%



3.5. ALUMNADO EN PRÁCTICAS CLASIFICADO POR SEXO E ÁMBITO DE ESTUDOS

3.5.1 PRÁCTICAS EXTRACURRICULARES POR SEXO E ÁMBITO DE ESTUDOS DESDE O CURSO 2015/2016

O período analizado neste apartado realízase desde o curso 2015/2016 ao 2021/2022.

% PRÁCTICAS	Curso 2015-2016		Curs 2016-2017		Curso 2017-2018		Curso 2018-2019		Curso 2019-2020		Curso 2020-2021		Curso 2021-2022	
	% H	% M	% H	% M	% H	% M	% H	% M	% H	% M	% H	% M	% H	% M
Xurídico-Social	34,68	65,32	36,18	63,82	33,21	66,79	35,1	64,9	41,87	58,13	37,01	62,99	38,17	61,83
Tecnolóxico	68,67	31,33	71,39	28,61	68,99	31,01	68,94	31,06	70,37	29,63	71,07	28,93	68,98	31,02
Científico	38,62	61,38	43,5	56,5	38,56	61,44	29,11	70,89	41,3	58,7	35,34	64,66	26,92	73,08
(*)Ciencias da saúde	36,36	63,64	32,43	67,57	30,19	69,81	30	70	37,5	62,5	53,33	46,67	35,71	64,29
(*)Arte e Humanidades	35,84	64,16	27,12	72,88	21,88	78,12	29,41	70,59	20,69	79,31	41,38	58,62	34,21	65,79

(*) O número de prácticas extracurriculares nestes ámbitos non é representativo, polo que a comparativa non procede sen ter en conta as prácticas curriculares.

Con respecto ao sexo do alumnado que realiza prácticas, observamos que existe unha diferenza importante en todos os ámbitos entre a porcentaxe de homes e mulleres, sendo maior o número de mulleres en todos os casos agás no ámbito Tecnolóxico. Non se produciron cambios respecto a esta situación ao longo do período.

3.5.2 NÚMERO DE ESTUDANTES MATRICULADOS CLASIFICADOS POR ÁMBITO DE ESTUDOS DESDE O CURSO 2014/2015

MATRÍCULA	Curso 2015-2016		Curso 2016-2017		Curso 2017-2018		Curso 2018-2019		Curso 2019-2020		Curso 2020-21		Curso 2021-22	
	% H	% M	% H	% M	% H	% M	% H	% M	% H	% M	% H	% M	% H	% M
Xurídico-Social	38,66	61,34	39,52	60,48	38,89	61,11	39,81	60,19	39,10	60,90	38,36	61,64	39,41	60,59
Tecnolóxico	76,76	23,24	76,85	23,15	77,85	22,15	78,05	21,95	76,89	23,11	76,55	23,45	75,70	24,30
Científico	43,46	56,54	44,42	55,58	44,49	55,51	45,10	54,90	44,69	55,31	44,55	55,45	44,28	55,72
Ciencias da saúde	22,54	77,46	22,52	77,48	22,95	77,05	22,49	77,51	23,84	76,16	22,81	77,19	22,72	77,28
Arte e Humanidades	28,87	71,13	26,1	73,9	25,57	74,43	23,13	76,87	27,09	72,91	28,21	71,79	28,96	71,04

Da comparación dos cadros anteriores pódese concluír que a porcentaxe de mulleres en prácticas nos distintos ámbitos de estudos é maior que a porcentaxe que representan sobre o conxunto da matrícula.

3.6. ESTUDANTES EN PRÁCTICAS POR TAMAÑO DA EMPRESA


Durante todo o período analizado foron as pequenas e medianas empresas as que acolleron a un maior número de estudantes en prácticas, un 60 %, seguidas das entidades públicas e entidades sen ánimo de lucro.

Prácticas por tipo de empresa	2013- 2014	2014- 2015	2015- 2016	2016- 2017	2017- 2018	2018- 2019	2019- 2020	2020- 2021	2021- 2022
Autónomo	127	88	96	73	78	66	33	65	65
Pequena (menos de 50 traballadores)	555	541	612	549	449	398	242	389	303
Mediana (entre 50 e 500 traballadores)	151	149	169	167	181	135	96	122	148
Grande (máis de 500 traballadores)	66	88	67	70	74	71	58	65	65
Multinacional	97	62	99	74	105	108	21	33	70
Administración Pública	89	99	119	142	123	82	32	86	94
Fundación/Entidade sen ánimo de lucro	60	96	107	115	109	86	62	64	88
Total	1145	1123	1269	1190	1119	946	544	824	833

Tamaño da empresa	Porcentaxe de prácticas totais, 2013-2014 ata 2021-2022
Autónomo	8%
Pequena (menos de 50 traballadores)	45%
Mediana (entre 50 e 500 traballadores)	15%
Grande (máis de 500 traballadores)	7%
Multinacional	7%
Administración Pública	10%
Fundación/Entidade sen ánimo de lucro	9%
Total	100%

No seguinte gráfico obsérvase o peso dos distintos tipos de empresas na realización de prácticas no período analizado.

Porcentaxe total estudantes por tamaño de empresa desde o curso 2013-2014 ata o curso 2021/2022



- Autónomo
- Pequena (menos de 50 traballadores)
- Mediana (entre 50 e 500 traballadores)
- Grande (máis de 500 traballadores)
- Multinacional
- Administración Pública
- Fundación/Entidade sen ánimo de lucro


4. OUTRAS VARIABLES ANALIZADAS

4.1. PRÁCTICAS POR TIPO DE ESTUDOS

Durante o período analizado tivo lugar o cambio do plano de estudos universitario ao denominado Plan Bolonia, polo que ao longo de distintos cursos académicos conviviron ambos planos.

Na táboa seguinte refléxase a evolución das titulacións das que procede o alumnado en prácticas, desaparecendo progresivamente licenciatura e diplomatura para pasar a ser grao e mestrado, ademais de, en moita menor medida, as titulacións propias da UVigo.

Titulacións	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
Licenciatura	616	453	286	109	55	10	0	0	0	0
Diplomatura	200	123	69	19	7	0	0	0	0	0
Grao	43	454	689	791	1020	1005	920	793	412	684
Mestrado	9	93	116	165	164	171	158	130	119	150
Doutorado	0	2	0	0	2	1	2	0	0	0
Títulos propios	0	0	0	0	1	1	1	16	7	10
Total	868	1125	1160	1084	1249	1188	1081	939	538	844



4.2. AVALIACIÓN DAS PRÁCTICAS POR PARTE DAS EMPRESAS E OS ESTUDANTES

O procedemento das prácticas académicas externas da Uvigo contempla a realización dun informe de avaliación para cada práctica, tanto por parte do estudante como da empresa na que se realizan.


Abórdase neste apartado a avaliación das prácticas extracurriculares do período 2018 a outubro de 2022, cunha mostra total de 3.773 avaliacións, 1.866 do estudiantado e 1.907 das empresas e outras entidades colaboradoras.

4.2.1 Avaliación dos estudantes

A mostra analizada dos estudantes en prácticas é de 1.866. A continuación detállanse os items que avalían e os resultados das súas avaliacións globais.

Avaliación global	1	2	3	4	5	NC	Total enquisas
Nº de estudantes	12	27	76	516	1176	59	1866
% sobre o total	0,64%	1,45%	4,07%	27,65%	63,02%	3,16%	100%

5 máxima avaliación



O 90,67% do estudiantado valora moi positivamente a súa experiencia nas prácticas, con valoracións de 4 e 5 puntos; se temos en conta a valoración 3 a porcentaxe acada o 94,74%. Pola contra, a suma de valoracións 1 e 2 acada o 2,09%; 3,16% non contestan.


Os items máis valorados polo alumnado son Integración na empresa/entidade colaboradora, Motivación, Seguimento e apoio da práctica polo titor da entidade colaboradora, Formación adquirida na práctica e Iniciativa.

4.2.2 Avaliación das empresas

A mostra analizada das empresas e entidades que acolleron alumnado en prácticas é de 1.907. A continuación detállanse os items que avalían e os resultados das súas avaliacións globais.

Avaliación global	1	2	3	4	5	NC	Total enquisas
Nº de empresas	5	10	48	366	1326	152	1907
% sobre o total	0,26%	0,52%	2,52%	19,19%	69,53%	7,97%	100%

5 máxima avaliación



O 88,72% das entidades colaboradoras valoran moi positivamente a súa experiencia coas prácticas, con valoracións de 4 e 5 puntos; se temos en conta a valoración 3 a porcentaxe acada o 91,24%. Pola contra, a suma de valoracións 1 e 2 acada o 0,78%; 7,97% non contestan.

Os items máis valorados polas empresas son Asistencia, Puntualidade, Sentido da responsabilidade e Capacidade de aprendizaxe.

PRINCIPAIS CONCLUSIÓNS

Curso académico 2021/2022

- I. O número de prácticas realizadas neste curso académico ascende a 833, moi similar ao do curso anterior, o que amosa unha estabilización na realización de prácticas trala caída que se produce no 2020 por mor da pandemia.
- II. Os sectores de actividade ao que pertencen as 500 entidades e empresas que tiveron estudantes realizando prácticas extracurriculares son fundamentalmente 3: *Actividades profesionais, científicas e técnicas; Industria manufacturera e Información e comunicacións*. Este posicionamento repítese ao longo dos últimos anos académicos.
- III. A ratio de prácticas por empresa é de 1,66, experimentando un lixeiro incremento en relación co dato do curso anterior 2020-2021 que foi do 1,52.
- IV. Os ámbitos de coñecemento que contaron con máis estudantes en prácticas extracurriculares foron o *Xurídico-Social*, seguido do *Tecnolóxico*, *78% do total*, seguindo a mesma tendencia dos cursos académicos anteriores.
- V. As empresas cuxo CNAE é *Actividades profesionais, científicas e técnicas* son as que máis demandan estudos do ámbito *Xurídico-Social e Tecnolóxico*.
- VI. As empresas que máis solicitan estudos do ámbito *Tecnolóxico* son as do CNAE: *Actividades profesionais, científicas e técnicas, Industria manufacturera e Información e comunicacións*.
- VII. A porcentaxe de mulleres en prácticas nos distintos ámbitos de estudos garda relación coa porcentaxe que representan sobre o conxunto da matrícula. Resaltar que, a porcentaxe de mulleres en prácticas é en xeral superior á porcentaxe que representan sobre a matrícula no seu ámbito.
- VIII. A Fundación Universidade de Vigo xestionou 211 convenios de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas externas. O máis representativo é que o 64,45% das entidades colaboradoras son Sociedades Limitadas; as Sociedades Anónimas representan o 18,48% do total, seguido dos autónomos e Fundacións e Entidades sen ánimo de lucro que alcanzan o 9% e o 4,74%, respectivamente.

- I. O número medio de prácticas nos 10 últimos cursos académicos é de 995.
 - II. Sobre a evolución do número de prácticas extracurriculares realizadas, obsérvase un descenso moderado a partir do curso 2015/2016 e unha caída importante no curso 2019/2020 derivado da suspensión das prácticas por mor da pandemia da Covid-19. Igualmente obsérvase unha forte recuperación a partir do curso 2020-2021, reflexo da recuperación paulatina da actividade económica e social que se mantén no último curso-académico.
 - III. O número medio de empresas colaboradoras nos 9 últimos cursos académicos é de 601.
 - IV. As empresas que acollen a maioría de estudantes en prácticas nos últimos cursos académicos son principalmente empresas pequenas e medianas, seguido de administracións públicas.
 - V. Respecto á evolución do número de empresas participantes por sectores, obsérvase: unha caída continuada na realización de prácticas en empresas dos sectores da *Construción* e do *Comercio ao por maior e ao por menor*; un crecemento continuado no sector de *Información e comunicacións*; os restantes sectores presentan unha participación máis estable.
 - VI. Respecto á valoración das prácticas por parte do estudiantado e das empresas analizada para o período 2018-outubro 2022 (máxima puntuación 5):
 - a. O 90,67% do estudiantado valora moi positivamente a súa experiencia nas prácticas, con valoracións de 4 e 5 puntos; se temos en conta a valoración 3 a porcentaxe acada o 94,74%. Pola contra, a suma de valoracións 1 e 2 acada o 2,09% e o 3,16% non contestan.

Os items máis valorados polo alumnado son Integración na empresa/entidade colaboradora, Motivación, Seguimento e apoio da práctica polo titor da entidade colaboradora, Formación adquirida na práctica e Iniciativa.
 - b. O 88,72% das entidades colaboradoras valoran moi positivamente a súa experiencia coas prácticas, con valoracións de 4 e 5 puntos; se temos en conta a valoración 3 a porcentaxe acada o 91,24%. Pola contra, a suma de valoracións 1 e 2 acada o 0,78% e o 7,97% non contestan.

Os items máis valorados polas empresas son Asistencia, Puntualidade, Sentido da responsabilidade e Capacidade de aprendizaxe.
-

ANEXO I. CLASIFICACIÓN CNAE

	GRUPO		SUBGRUPO	SECTOR DE ACTIVIDADE
Agricultura gandería, silvicultura e pesca			1	Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados coas mesmas
	A		2	Silvicultura e explotación forestal
			3	Pesca e acuicultura
			5	Extracción de antracita, hulla e lignito
Industrias extractivas	B		6	Extracción de cru de petróleo e gas natural
			7	Extracción de minerais metálicos
			8	Outras industrias extractivas
			9	Actividades de apoio ás industrias extractivas
	C		10	Industria da alimentación
			11	Fabricación de bebidas
			12	Industria do tabaco
			13	Industria téxtil
			14	Confección de prendas de vestir
Industria manufactureira			15	Industria do coiro e do calzado
			16	Industria da madeira e do cortiza, excepto mobles; cestería e espartería
			17	Industria do papel
			18	Artes gráficas e reprodución de soportes gravados
			19	Coquerías e refino de petróleo
			20	Industria química
			21	Fabricación de produtos farmacéuticos
			22	Fabricación de produtos de caucho e plásticos
			23	Fabricación de outros produtos minerais no metálicos
			24	Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroaleacións
			25	Fabricación de produtos metálicos, excepto maquinaria e equipo
			26	Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos
			27	Fabricación de material e equipo eléctrico
			28	Fabricación de maquinaria e equipo
			29	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques
			30	Fabricación de outro material de transporte
			31	Fabricación de mobles
			32	Outras industrias manufactureiras
		33	Reparación e instalación de maquinaria e equipo	
Fornezo enerxía eléctrica, gas, vapor, aire acondicionado	D		35	Subministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado

	GRUPO	SUBGRUPO	SECTOR DE ACTIVIDADE
Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión residuos e descontaminación	E	36	Captación, depuración e distribución de auga
		37	Recollida e tratamento de augas residuais
		38	Recollida, tratamento e eliminación de residuos; valorización
		39	Actividades de descontaminación e outros servizos de xestión de residuos
Construción	F	41	Construción de edificios
		42	Enxeñaría civil
		43	Actividades de construción especializada
Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor	G	45	Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas
		46	Comercio ao por maior e intermediarios do comercio, excepto de vehículos de motor e motocicletas
		47	Comercio ao por menor, excepto de vehículos de motor e motocicletas
Transporte e almacenamento	H	49	Transporte terrestre e por tubeira
		50	Transporte marítimo e por vías navegables interiores
		51	Transporte aéreo
		52	Almacenamento e actividades anexas ao transporte
		53	Actividades postais e de correos
Hostalería	I	55	Servizos de aloxamento
		56	Servizos de comidas e bebidas
Información e comunicacións	J	58	Edición
		59	Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical
		60	Actividades de programación e emisión de radio e televisión
		61	Telecomunicacións
		62	Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática
		63	Servizos de información
Actividades financeiras e de seguros	K	64	Servizos financeiros, excepto seguros e fondos de pensións
		65	Seguros, reaseguros e fondos de pensións, excepto Seguridade Social obrigatoria
		66	Actividades auxiliares aos servizos financeiros e aos seguros
Actividades inmobiliarias	L	68	Actividades inmobiliarias
Actividades profesionais, científicas e técnicas	M	69	Actividades xurídicas e de contabilidade
		70	Actividades das sedes centrais; actividades de consultaría de xestión empresarial
		71	Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría, ensaios e análises técnicos
		72	Investigación e desenvolvemento
		73	Publicidade e estudos de mercado
		74	Outras actividades profesionais, científicas e técnicas
		75	Actividades veterinarias

	GRUPO	SUBGRUPO	SECTOR DE ACTIVIDADE
Actividades administrativas e servizos auxiliares	N	77	Actividades de aluguer
		78	Actividades relacionadas co emprego
		79	Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas cos mesmos
		80	Actividades de seguridade e investigación
		81	Servizos a edificios e actividades de xardinería
		82	Actividades administrativas de oficina y outras actividades auxiliares ás empresas
Administración Pública, defensa Seg. Social obrigatoria	O	84	Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria
Educación	P	85	Educación
Actividades sanitarias e de servizos sociais	Q	86	Actividades sanitarias
		87	Asistencia en establecementos residenciais
		88	Actividades de servizos sociais sen aloxamento
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	R	90	Actividades de creación, artísticas e espectáculos
		91	Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais
		92	Actividades de xogos de azar e apostas
		93	Actividades deportivas, recreativas e de entretemento
Outros servizos	S	94	Actividades asociativas
		95	Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico
		96	Outros servizos persoais
Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio	T	97	Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico
		98	Actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	U	99	Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais